

Ruta dende O Freixo ata a Praia de Broña




Sáímos dende o peirao do Freixo con dirección aos estaleiros, que aínda se conservan nesta zona e que continúan a fabricar barcos. Este camiño podemos percorrelo por un paseo á beira do mar.



Ao chegar aos estaleiros temos que saír á estrada e andar uns poucos metros a carón dela.

Atoparémonos de novo na senda peonil que nos leva ao Requeixiño e á Praia da Broña, a fin do noso traxecto.



Esta praia conta cunha grande extensión de area fina, dispón dun amplo aparcadoiro e servizos de hostalaría. Dentro desta ruta hai varias praiñas e algunha área de recreo e descanso.



Se queremos andar máis podemos chegar ata Punta Requeixo onde de novo temos unha zona de descanso á beira do mar.

Algo máis para ver: *O Castro do Freixo*

No lugar de Mosteiro e preto da beira do mar, atopamos esta construción que se levanta dentro de varias liñas de murallas superpostas, con noiros defensivos intercalados e torres con alicerces para reforzar a defensa.

Dificultade da Ruta: Baixa

Lonxitude: 3 quilómetros

Plano ruta

